



MOCIÓN

PARA A RETIRADA DA LEI DE ORDENACIÓN SANITÁRIA DE GALIZA (LOSGA)

O Parlamento Galego, a instancia da Consellaría de Sanidade, pretende a aprobación do proxecto de Lei de Ordenación Sanitaria de Galiza (LOSGA) que representa un atentado contra a Sanidade Pública deste país, porque:

1.- Beneficia ás empresas privadas da sanidade, entre elas ás de capital estranxeiro, que terían acceso directo aos orzamentos do Sergas que se reducirían proporcionalmente provocando o lóxico deterioro da sanidade pública.

Este proxecto crea a chamada 'Rede Galega de Atención Sanitaria de Utilización Pública' que integra centros públicos e privados en igualdade de condicións.

O desvío de parte dos orzamentos do Sergas aos centros privados con ánimo de lucro provocará a descapitalización do sistema público e o deterioro progresivo dos centros sanitarios do Sergas.

Este proxecto resulta claramente beneficioso para certos intereses empresariais mais tería efectos moi prexudiciais para o sistema sanitario público, para os seus traballadores e as súas traballadoras, e para toda a cidadanía.

En vez de mellorar e potenciar a sanidade pública, que compre recordar, constitúe un servizo público básico que está financiado cos nosos impostos, a Consellaría pretende con este proxecto de lei desviar diñeiro público a petos privados e utilizar os fondos do Sergas con intención clientelar.

2.- Suprime lexítimos dereitos laborais e perpetua a caréncia de persoal nos centros sanitarios públicos.

O persoal sanitario poderá ser movido de posto de traballo, centro ou localidade cando a xeréncia o estime oportuno e, incluso, destinado a centros no pertencentes ao Sergas.

A precariedade no emprego repercutirá de xeito negativo na calidade asistencial.

3.- Suprime a gratuidade da atención ás persoas enfermas crónicas e discapacitadas, e permite a privatización da atención sócio-sanitaria.

O artigo 104.5 establece que, co obxecto de optimizar os recursos, a prestación asistencial sócio-sanitaria na súa modalidade de coidados prolongados será cofinanciada polos usuarios e usuarias. Esta medida prexudica aos colectivos sociais máis necesitados e establece unha discriminación no acceso aos servizos sanitarios en función da capacidade económica das persoas.

Facilita a creación dunha rede asistencial sócio-sanitaria privada e a penetración de capital multinacional no sector sanitario.

4.- Cria acertadamente a figura do 'Valedor do Usuario', mais anula-o na práctica ao ser nomeado e destituído polo Conselleiro ou Conselleira en vez de outorgar-lle a independencia necesaria que tería no caso de ser nomeado e cesado polo Parlamento.

5.- Este proxecto é socialmente inxusto e non da solucións aos problemas do Sistema Sanitario Público Galego.

Xa que crea mecanismos para desviar diñeiro público a empresas privadas con ánimo de lucro, deteriora aínda máis as condicións laborais do persoal sanitario e suprime a gratuidade da asistencia aos enfermos e enfermas crónicos/as.

A aplicación desta Lei non da solución aos problemas que xa ten o Sistema Sanitario Público como son a escasez de financiación, as prolongadas listas de espera, o pouco tempo de consulta na Atención Primaria, as desigualdades asistenciais entre unhas zonas e outras, a carencia de camas de agudos/as e especialmente para pacientes con enfermidades crónicas, e a infradotación tecnolóxica de algúns hospitais nen reintegra ao sistema público as Fundacións Hospitalarias nen o Medtec de Vigo, entre outros problemas de urxente solución, e traería consecuencias desastrosas para a sanidade pública, para os traballadores e traballadoras da sanidade e para todos os cidadáns e cidadás.

Por todo isto, o **GRUPO MUNICIPAL DO BNG**, solicita do Pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía a adopción do presente

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza á retirada do Parlamento Galego do Proxecto de Lei de Ordenación Sanitaria de Galiza (LOSGA) e abra un proceso de diálogo e debate real e participativo con todas as entidades con presenza, representatividade e actuación no sector sanitario sobre o texto da LOSGA, na búsqueda do maior consenso posible no contido final dunha norma de enorme transcendencia para o sistema sanitario, tanto para o persoal ao seu servizo como para os usuarios e usuarias do mesmo.

Vilagarcía, 25 de marzo de 2003

Xosé Castro Ratón

Voceiro

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA